

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de xaneiro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(86).-RATIFICACIÓN URXENTE.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(87).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA CARREIRA DENOMINADA “V CORRENDO POR VIGO” O VINDEIRO 31 DE XANEIRO DE 2016. EXPTE. 14485/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 28.01.16, conformado polo secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Deportes Carlos Miguel, con CIF (G27779206), solicitou o día 26-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150152155), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: VI CORRENDO POR VIGO*
- *Data: 31 DE XANEIRO DE 2016*
- *Horario:10.30h A 14.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 31 de xaneiro de 2016; esta proba comenizará ás 11.00h e rematará ás 14.00h. A saída será dende a rúa Jenaro de la Fuente seguindo pola rúa Aragón, volta na rotonda do faro para voltar de novo pola rúa Aragón, Jenaro de la Fuente, Gregorio Espino ata Urzáiz para proseguir por Ramón Nieto, xiro na rúa Nieto Figueroa, rúa Urania (Mais que Agua), subida a rúa Subride,ata a primeira rotonda, baixar a Ramón Nieto para chegar a meta en Jenaro de la Fuente.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Limpeza*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Deportes Carlos Miguel, con CIF (G27779206) a organizar o vindeiro domingo 31 de xaneiro de 2016, a carreira denominada V CORRENDO POR VIGO, esta carreira comenizará ás 11.00h e rematará ás 14.00h, a súa saída será dende a rúa Jenaro de la Fuente seguindo pola rúa Aragón, volta na rotonda do faro para voltar de novo pola rúa Aragón, Jenaro de la Fuente, Gregorio

Espino ata Urzáiz para proseguir por Ramón Nieto, xiro na rúa Nieto Figueroa, rúa Urania (Mais que Agua), subida a rúa Subride, ata a primeira rotonda, baixar a Ramón Nieto para chegar a meta en Jenaro de la Fuente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(88).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “VIGO INTEGRA IV” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 12618/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.01.16, e o informe de fiscalización do 27.01.16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.01.16, conformado polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e relacións cos sindicatos, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, ten preparado o Programa VIGO INTEGRA IV, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:

–Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente perceptores de prestacións, e facendo especial fincapé na mocidade con idade ata 30 anos e persoas desempregadas como consecuencia dunha crise empresarial, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.

–Realizar accións para o emprego que faciliten e apoiem a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas por mor da crise empresarial.

–Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.

–Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.

–Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

Este programa enmárcase na Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2016 e 2017.

O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de setembro de 2016, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 38%.

O custo total estimado do proxecto é de 248.388,00 €, dos que o 80% corresponde á solicitude de subvención (198.710,40€) e o 20% restante á con financiación municipal (49.677,60 €), que se financiará con cargo as partidas (2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001m 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104, 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvol-

vemento do proxecto polo que non é necesario a retención de créditos e que conforme ao apartado C.15.1 da memoria do proxecto superían 122.258 € importe moi superior ao previsto para a cofinanciación por parte do Concello de Vigo, no proxecto.

NOME E APELIDOS	FUNCIÓN NO PROGRAMA	% DEDICACIÓN	% Imputación económica	Retribución mensual	Seguridade Social mes	Total mes	Total proxecto (6 meses)
Francisco J. Gutiérrez Orue	Director	10,00%	10,00%	3.249,94 €	1.050,53 €	4.300,47 €	5.160,56 €
Ana Mª Mouriz Martínez	Coordinadora	10,00%	10,00%	3.076,08 €	950,51 €	4.026,59 €	4.831,91 €
Mª del Carmen Cores Otero	Orientadora laboral	80,00%	80,00%	2.651,48 €	819,31 €	3.470,79 €	33.319,56 €
Sandra Sousa Fernández	Dinamizadora de emprego- Intermediadora Laboral	80,00%	80,00%	2.651,48 €	819,31 €	3.470,79 €	33.319,56 €
Sonia Mª Martínez Alonso	Dinamizadora de emprego- Intermediadora Laboral	80,00%	80,00%	2.651,48 €	819,31 €	3.470,79 €	33.319,56 €
Mª Carmen Mouñío Barros	Auxiliar Administrativo	51,00%	51,00%	1.536,15 €	474,67 €	2.010,82 €	12.306,22 €
Custes salariais imputables ao proxecto							122.257,37 €

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar o proxecto denominado “Vigo Integra IV”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 248.388,00 €, dos que 198.710,40 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 49.677,60 €, son a financiar polo Concello de Vigo.
- 2.- Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2016 e 2017.
- 3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2016 e 2017 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
- 4.- Delegar no concelleiro de Emprego, Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e relacións cos sindicatos, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(89).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO PREPARA” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 12617/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.01.16, e o informe de fiscalización do 27.01.16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.01.16, conformado polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do paro nas persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos anos. A Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, consciente de que pola súa

dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II, III e IV- , Escola Obradoiro "Vigo-zoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita") un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "VIGO PREPARA", propoñendo ao mesmo tempo o mantemento das especialidades de Promoción Turística e información ao visitante e Xardinería-Mantenemento e mellora de xardíns e zoas verdes, pola demanda existente destas profesions na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

As previsións de xeración de emprego nos sectores relacionados cos servizos de turismo e xardinería levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "Obradoiro de Emprego Vigo Prepara" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 30 alumnos/as repartidos/as nas especialidades de "Promoción Turística" e "Xardinería". Os obxectivos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto son varios e moi interesantes, tal e como se recolle no proxecto que se inclúe no expediente, pero pódense concretar en:

- Organización dos recursos necesarios para levar a cabo a prestación de servizos de información.*
- Programar e controlar as actividades dun centro de información.*
- Seleccionar, almacenar e procesar información de interese sobre o ámbito local.*
- Técnicas de cultivo*
- Controles fitosanitarios.*
- Preparación de terreos...*

En resumo o obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de índole social.

A duración do "Obradoiro de Emprego VIGO Prepara" está establecida en 6 meses e a data prevista de inicio é o 1 de setembro do presente ano. Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CME-Centro Local de emprego e das Ocupación (Promoción turística) e Parque Central de Servizos do Concello de Vigo sito en Santa Cristina de Lavadores(Xardinería), que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

A subvención económica solicitada á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia é de 268.621,49 €, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia , e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, publicado no BOG do 30 de decembro de 2015, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Non é necesaria aportación municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Traballo e Benestar (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Xardiñería e Promoción Turística están relacionados coa compra de ma-

terial necesario para las obras de mellora de xardíns (plantas ornamentais, terra, grava) e material de carácter divulgativo.

Estímase a aportación municipal en 33.577,69, e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2016 e 2017 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2016, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

<u>Partida</u>	<u>2016</u>	<u>2017</u>
2410 2100000 Submestros materiais de construción	21.345,79€	7.115,25€
2410 2279901 Asesoramento e apoio administrativo emprendedores.	3.411,10€	1.705,55€

Conforme establece a Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non leva implicitamente a aceptación da mesma, a espera da resolución definitiva polo órgano competente, polo que salvo mellor criterio a presentación da solicitude que non a súa aceptación no caso de obter resolución favorable da mesma por parte da administración convocante, non entra en contradición co establecido na "Ley 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local", no seu artigo 27 e concordantes, con relación á delegación de competencias en materia de Emprego cara a mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuir a eliminar duplicidades administrativas e ser conforme coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego Vigo Prepara", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
- 2.- Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, publicado no BOG do 30 de decembro de 2015".
- 3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2016 e 2017, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
- 4.- Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "Vigo Prepara".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(90).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MEMORIAS DE OBRAS E SERVIZOS DE INTERESE SOCIAL PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PRECEPTORAS DA RISGA- 2016. EXPTE. 12621/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.01.16, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia de 30 de decembro de 2015, a consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a "ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social del Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2016. "

Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable de sete (7) meses e a xornada de traballo será como máximo do 75 %, non podendo, en ningún caso, ser inferior ao 50 %, de persoas en situación ou risco de exclusión social cunha antigüidade mínima de seis meses como perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- Beneficiarias: persoas desempregadas que deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.*
- Máximo de ata 40 contratacións, tendo en conta que Vigo ten máis de 700 persoas perceptoras da Risga.*
- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.*
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.*
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de xaneiro de 2016.*

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou aos departamentos municipais de Fomento e Limpeza a elaboración de proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a for-

mación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento.

1. Para o presente ano 2016, de resultas desta solicitude enviada, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e o de Limpeza presentaron memorias, por un importe total de 238.649,93 €, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de 40 persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas no ano 2010.

Así no cadro que se achega resúmense os datos básicos dos proxectos presentados polos servizos e dos que finalmente serán presentados á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga neste ano 2016, especificando, para cada un deles, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), cun período de contratación de 7 meses e unha xornada do 75%.

TOTAIS DAS MEMORIAS		Persoal
LIMPEZA	Plan de limpeza e retirada de pasquíns, carteis, pegatinas e pintadas	9
DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	Mellora das zonas públicas	31

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- *Limpeza:*
 - 7 meses e co 75% da xornada (28 horas 7,5 minutos semanais)
- *Desenvolvemento Local e Emprego*
 - 7 meses e co 75% da xornada (28 horas 7,5 minutos semanais)

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

- *Limpeza:*

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Vestuario e EPI's	1.348,85 €	1630..2210400
◦ Útiles de limpeza	1.460,00 €	Disponibles no almacén do servizo
- *Desenvolvemento Local e Emprego:*
 - Vestuario emprego Stock no almacén do servizo.
 - Materiais de construción 13.595,72 € 2410 21000000

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas

en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2016, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.

- a) *Limpeza: “Plan de limpeza e retirada de pasquíns, carteis, pegatinas e pintadas na cidade de Vigo”.*
- b) *Desenvolvemento Local e Emprego: “Mellora das zonas públicas”*

2. *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 238.649,93 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*
3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.*
4. *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(91).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MEMORIAS DE OBRAS E SERVIZOS DE INTERESE SOCIAL PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS – 2016. EXPTE. 12622/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.01.16, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia de 30 de decembro de 2015, a consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a “ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.”.

Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable que non supere os tres (3) meses dende a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo; e en caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50%, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis (6) meses, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- *Beneficiarias: persoas desempregadas que deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas con especiais dificultades de inserción laboral,*

así como mulleres (preferentemente vítimas de violencia), menores de 30 anos (con preferencia os demandantes de 1º emprego ou sen cualificación profesional), persoas desempregadas de longa duración, persoas discapacitadas, maiores de 45 anos, persoas que esgotaran os subsidios ou sexan perceptoras de Risga, así como as persoas con cargas familiares.

- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación xa que non chegan no caso do Concello de Vigo aos máximos que se estipulan na Orde correspondente a estas subvencións, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de xaneiro de 2016.

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou aos distintos departamentos municipais susceptibles de elaboración de proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento. Ademais, as obras ou servizos que se desenvolverán que se desenvolverán mediante a actividade destas persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social.

1. Para o presente ano 2016, de resultas desta solicitude enviada, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Vías e Obras, Limpeza e Casa Gallega dda Cultura, presentaron memorias, por un importe total de **297.476,64 €**, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de **86** persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas no ano 2010.

Así no cadro que se achega resúmense os datos básicos dos proxectos presentados polos servizos e dos que finalmente serán presentados á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, especificando, para cada un deles, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), con periodos de contratación de 3 meses a xornada completa e periodo de 6 meses e unha xornada do 50%.

TOTAIS DAS MEMORIAS		Persoal	Custe
LIMPEZA	Plan de atención permanente no rural-Brigadas de proximidade	18	61.432,87 €
VÍAS E OBRAS	Mantemento de zonas rurais	56	193.272,24 €
CASA GALEGA DA CULTURA	Catalogación e inventariado	4	15.931,99 €
DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	Colaboración Xunta-Entidades Locais fomento emprego discapacitados	8	26.839,54 €
TOTAL		86	297.476,64 €

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- *Limpeza:*
 - 3 meses a xornada completa.
- *Vías e Obras:*
 - 3 meses a xornada completa.
- *Casa Galega da Cultura:*
 - 3 meses a xornada completa.
- *Desenvolvemento Local e Emprego*
 - 6 meses a media xornada (50% - 3,75h/día).

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

- *Limpeza:*

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Vestuario e EPI's	2.606,15 €	1630..2210400
◦ Materiais		Stock no almacén do servizo

- *Vías e Obras:*

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Vestuario convenio Xunta-Concello	10.000	1550.221.04.00
◦ Conserv. Vías e espazos públicos	48.000	1550.210.00.00

- *Casa Galega da Cultura:*

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Materiais		A utilizar o xa existente nas bibliotecas

- *Desenvolvemento Local e Emprego:*

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Roupas de Traballo e EPI's	1.172,20 €	2410 2210400
◦ Formación en PRL	400,00€	2410 2279900

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para a o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2016, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.
 - a) *Limpeza:* "Plan de atención permanente no rural de Vigo, para limpeza de camiños e valados mediante brigadas de proximidade".
 - b) *Vías e Obras:* "Mantemento das zonas rurais do concello de Vigo"
 - c) *Casa Galega da Cultura:* "Programa de Cooperación Xunta de Galicia - Concellos".

- d) *Desenvolvemento Local e Emprego: "Programas de Colaboración Xunta-Entidades Locais para o fomento da contratación"*
2. *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 297.476,64 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*
 3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.*
 4. *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.